

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

5853 *Real decreto 377/2015, do 14 de maio, polo que se aproban os estatutos do Colexio de Xeógrafos.*

A Lei 16/1999, do 4 de maio, de creación do Colexio de Xeógrafos, é o instrumento xurídico da súa creación como corporación de dereito público con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. A súa disposición transitoria primeira dispoñía que a Comisión Xestora do Colexio de Xeógrafos se faría cargo, provisionalmente, do Colexio de Xeógrafos até a súa definitiva regulación e a constitución dos órganos de goberno do citado Colexio.

De conformidade coa disposición transitoria segunda da Lei 16/1999, do 4 de maio, de creación do Colexio de Xeógrafos, mediante a Orde do Ministerio de Fomento, do 30 de maio de 2001, aprobáronse os estatutos provisionais do citado Colexio. Así, no artigo 6 dos estatutos provisionais dispónse que os órganos de representación, goberno e administración do Colexio de Xeógrafos son a Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno, e dedica o artigo 7 dos citados estatutos provisionais á regulación da Asemblea Xeral como órgano supremo do Colexio. A Asemblea Xeral Ordinaria do Colexio, na reunión do 6 de marzo de 2010, aprobou os seus estatutos definitivos e acordou elevalos ao Goberno para a súa aprobación, a través do Ministerio de Fomento, co que se relaciona a teor do disposto no artigo 3 da Lei 16/1999, do 4 de maio, de creación do Colexio de Xeógrafos.

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, traspoñen a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2008, relativa aos servizos no mercado interior, e incorpóranas ao noso ordenamento xurídico interno. Ambas as leis son de aplicación nos tres niveis administrativos territoriais, Administración xeral do Estado, comunidades autónomas e demais entes locais, así como tamén na denominada Administración pública corporativa. Tal é o caso dos colexios profesionais, razón pola cal deben adaptar as súas normas estatutarias ao disposto nas citadas leis e, en particular, ao disposto no artigo 5 da Lei 25/2009 polo que se introducen importantes modificacións na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, que inciden na simplificación de procedementos, na redución de cargas administrativas, no reforzo das garantías de consumidores e usuarios e diversas medidas que amplían a transparencia na actuación de tales corporacións públicas e dos seus colexiados.

O proxecto normativo adóptase en virtude do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, por seren competencia exclusiva do Estado as bases do réxime xurídico das administracións públicas. Os novos estatutos acomópanse ás prescricións da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, en particular, ás establecidas mediante a Lei 25/2009, do 22 de decembro, anteriormente citada.

De conformidade co establecido no artigo 6, números 2 e 5, da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, así como co disposto no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, os novos estatutos sométense á aprobación do Goberno. Na súa tramitación o proxecto contou co parecer de varios departamentos ministeriais, coa consideración doutros colexios profesionais afíns vinculados co Ministerio de Fomento, así como co ditame favorable do Consello de Estado. Para o seu informe tamén se remitiu ás comunidades e cidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de maio,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos do Colexio de Xeógrafos que se insiren a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde do Ministerio de Fomento, do 30 de maio de 2001, pola que se aprobaron os estatutos provisionais do Colexio de Xeógrafos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Salvagarda de competencias autonómicas.*

A regulación contida nos estatutos aprobados mediante este real decreto establécese sen prexuízo da que resulte en caso de que as comunidades autónomas, en virtude das competencias que teñen atribuídas en materia de colexios profesionais, constitúan colexios de xeógrafos nos seus respectivos territorios ou consellos autonómicos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Ese real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de maio de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Fomento,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

ESTATUTOS DO COLEXIO DE XEÓGRAFOS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Constitución e definición.*

1. O Colexio de Xeógrafos é unha corporación de dereito público que se constitúe ao abeiro do artigo 36 da Constitución española e se rexe polo disposto na lexislación vixente sobre colexios profesionais e por toda normativa legal que lle sexa de aplicación, pola Lei 16/1999, do 4 de maio, de creación do Colexio de Xeógrafos, e polos presentes estatutos e demais normas colexiais.

2. O Colexio de Xeógrafos ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

3. O Colexio de Xeógrafos relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Fomento.

Artigo 2. *Ámbito territorial e sede.*

1. O ámbito territorial do Colexio de Xeógrafos é o do Estado español, compatible coa autonomía dos seus órganos nas distintas delegacións territoriais e a solidariedade entre todas elas.

2. A sede do Colexio radica en Madrid, sen prexuízo do establecemento doutras sedes nas delegacións que se poidan constituír, con respecto ás competencias das administracións territoriais.

3. O uso das linguas oficiais nos órganos e comunicacións do Colexio regúlase polo disposto na normativa legal vixente sobre usos lingüísticos no Estado e nas comunidades autónomas.

Artigo 3. *Fins e funcións do Colexio.*

1. Son fins fundamentais do Colexio a ordenación do exercicio da profesión de xeógrafo, a súa representación institucional e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados, así como a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados, todo iso sen prexuízo das competencias da Administración pública por razón da relación funcional, de ser o caso.

2. Constitúen as funcións do Colexio, para o lexítimo cumprimento dos seus fins:

a) Desempeñar a representación colexiada da profesión de xeógrafo ante os poderes públicos, autoridades, empresas e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios, expedientes e procedementos administrativos afecten os intereses profesionais e exercer o dereito de petición, conforme a lei.

b) Ordenar, no ámbito da súa competencia, a actividade profesional dos colexiados, velando pola ética e dignidade profesional e polo respecto debido aos dereitos dos colexiados e dos particulares, así como exercer as medidas disciplinarias relativas aos seus membros, de acordo co disposto nos estatutos.

c) Velar polo prestixio moral, social e técnico dos seus colexiados, promovendo os sentimentos corporativos de toda clase, tendentes ao ben recíproco, e adoptando medidas conducentes a evitar a competencia desleal entre eles.

d) Defender o decoro, os dereitos e os intereses da profesión en todos os ámbitos.

e) Exercer cantas funcións lles sexan encomendadas polas administracións públicas e colaborar con elas, así como con entidades e particulares, mediante a realización de estudos, emisión de informes, solución de consultas, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lles poidan ser solicitadas ou acorden formular por propia iniciativa.

f) Impulsar e contribuír ao progreso dos métodos e técnicas propias da profesión e á súa difusión, axudando á investigación científica e ao establecemento de cantas normas tendan a incrementar a eficacia dos titulados no desenvolvemento das súas actividades.

g) Manter contacto cos centros docentes e facilitar o acceso á vida profesional dos novos titulados.

h) Propor aos organismos competentes a adopción de cantas medidas se consideren convenientes para o desenvolvemento e perfeccionamento da profesión, suxerindo aos órganos correspondentes as melloras de redacción das disposicións legais necesarias para tales fins.

i) Xestionar o cobramento e percibir os honorarios profesionais devindicados polos Colexiados, en substitución legal deles, cando o soliciten libre e expresamente, así como elaborar un formulario de nota de encargo que os Colexiados poderán presentar aos seus clientes cando estes llelo requiran, coa descrición precisa do obxecto da prestación, xunto co detalle dos honorarios que teña que devindicar ou o método convido entre ambas as partes para a súa determinación.

j) Visar os traballos profesionais dos Colexiados, nos termos establecidos polo artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre Colexios profesionais, e o Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado Colexial obrigatorio.

k) Adoptar as medidas conducentes a evitar o intrusismo profesional.

l) Cooperar cos organismos oficiais correspondentes na forma que proceda na designación dos Xeógrafos para a emisión de informes, ditames, taxacións, valoracións, etc., en intervencións profesionais de asuntos xudiciais.

m) Participar nos consellos ou organismos consultivos da Administración en materia da súa competencia profesional, de acordo coas normas reguladoras destes.

n) Resolver mediante laudo, por instancia das partes interesadas, as discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigacións dimanantes dos traballos realizados polos Colexiados no exercicio da súa profesión.

o) Emitir informe nos procedementos xudiciais ou administrativos en que se discutan honorarios profesionais, por petición das correspondentes instancias xudiciais ou administrativas.

p) Atender as solicitudes de información sobre os seus Colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lle formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea.

q) Todas as demais actividades que legalmente se poden desenvolver tendentes á ordenación e perfeccionamento da profesión e dos Colexiados.

3. De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre Colexios profesionais, o Colexio de Xeógrafos non poderá establecer baremos orientativos nin calquera outra orientación, recomendación, directriz, norma ou regra sobre honorarios profesionais, salvo para os exclusivos efectos da taxación de custas e da xura de contas dos avogados. Estes criterios serán igualmente válidos para o cálculo de honorarios e dereitos que corresponden para os efectos de taxación de custas en asistencia xurídica gratuíta.

CAPÍTULO II

Dos membros do Colexio de Xeógrafos e do exercicio profesional

Artigo 4. *Membros do Colexio.*

1. Poderán formar parte do Colexio de Xeógrafos os licenciados en Xeografía. Poderanse integrar tamén no Colexio de Xeógrafos os licenciados en Xeografía e Historia (sección de Xeografía).

2. Poderanse integrar tamén no Colexio de Xeógrafos as persoas licenciadas en Filosofía e Letras, en ramas ou especialidades de Xeografía, cuxas titulacións deriven de plans de estudos comprendidos no artigo 11.3 do Real decreto 1497/1987, do 27 de

novembro, de directrices xerais comúns dos plans de estudo dos títulos de carácter oficial e validez no territorio nacional.

3. Igualmente, poderase integrar no Colexio de Xeógrafos aqueles que posúan a titulación oficial en graos en Xeografía, cuxas titulacións deriven de plans de estudos de acordo co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

4. Así mesmo, poderanse integrar aqueles que posúan titulacións universitarias oficiais ou equivalentes que demostren ante os órganos de goberno do Colexio de Xeógrafos unha dedicación continuada á xeografía, cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente, e a Xunta de Goberno acorde a súa inclusión no Colexio, sempre e cando non exista un colexio profesional en que se deban inscribir os ditos titulados.

5. Tamén se poderán integrar no Colexio as persoas que posúan títulos universitarios estranxeiros que fosen declarados equivalentes aos títulos universitarios españois de grao en Xeografía, correspondentes aos campos de humanidades e de ciencias sociais establecidos no anexo II do Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado.

Artigo 5. *Membros honoríficos.*

A Xunta de Goberno poderá outorgar o nomeamento de membros de honra do Colexio de Xeógrafos ás persoas que, polos seus méritos científicos, técnicos ou profesionais, calquera que sexa a súa titulación académica, contribuísen notoriamente ao desenvolvemento da xeografía ou da profesión de xeógrafo. O nomeamento terá un estrito carácter honorífico, sen prexuízo da participación na vida colexial e nos servizos do Colexio.

Artigo 6. *Exercicio da profesión.*

1. Os membros do Colexio quedan sometidos aos estatutos do Colexio, sen prexuízo dos dereitos de impugnación que legalmente lles correspondan.

2. O exercicio da profesión realizarase en réxime de libre competencia, de acordo co disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

3. A profesión de xeógrafo pódese exercer de forma liberal, xa sexa individual ou asociativamente, ou en relación laboral con calquera empresa pública ou privada. En calquera caso, o exercicio da profesión baséase no respecto á independencia do criterio profesional, sen límites ilegítimos ou arbitrarios no desenvolvemento do traballo e no servizo da comunidade.

4. De acordo co recollido no artigo 2.5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, os requisitos que obriguen a exercer de forma exclusiva a profesión de xeógrafo ou que limiten o exercicio conxunto de dúas ou máis profesións serán só os que se establezan por lei.

5. O exercicio profesional en forma societaria rexerá polo previsto nas leis. En ningún caso os colexios profesionais nin as súas organizacións colexiais poderán, por si mesmos ou través dos seus estatutos ou do resto da normativa colexial, establecer restricións ao exercicio profesional en forma societaria.

6. Na actuación profesional observaranse as normas deontolóxicas aprobadas polo Colexio, que non poderán ir en contra do disposto nos presentes estatutos nin en contra de ningunha das disposicións legais. As normas deontolóxicas estarán dispoñibles en liña para que todos os colexiados poidan consultalas por vía telemática.

7. En relación co recoñecemento de cualificacións, tanto no caso de desprazamento temporal dun colexiado español a outro Estado membro como dun profesional doutro Estado membro da Unión Europea a España, e de acordo co disposto no artigo 13 do Real decreto 1837/2008, abondará a comunicación á autoridade competente, con carácter previo ao primeiro desprazamento, para exercer de forma temporal a profesión.

Artigo 7. *Procedemento de colexiación.*

1. A decisión respecto á admisión como colexiado compete á Comisión Permanente da Xunta de Goberno do Colexio ou, de ser o caso, á xunta territorial correspondente que, unha vez recibida a oportuna solicitude de colexiación, acordará a colexiación. Os trámites poderán realizarse por vía telemática. A admisión considerarase firme se, no prazo de trinta días desde a data de solicitude, a Comisión Permanente ou a xunta territorial correspondente non acordase denegala.

2. Unha vez resolta favorablemente a solicitude de admisión, será preciso, para formalizar o ingreso no Colexio, pagar a cota de incorporación que teña sinalada naquel momento a Asemblea Xeral que, en todo caso, non será superior aos custos de tramitación. Contra as resolucións denegatorias de colexiación poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Comisión Permanente ou ante a xunta territorial correspondente, como trámite previo á xurisdición contencioso-administrativa, de ser o caso.

Artigo 8. *Perda da condición de colexiado.*

Os colexiados perderán esta condición:

- a) Por petición propia, notificando por escrito o seu propósito á Secretaría do Colexio.
- b) Por non satisfacer as cotas ordinarias e/ou extraordinarias correspondentes a un ano natural.
- c) Por sentenza firme que implique a accesoria de inhabilitación para o exercicio profesional.
- d) Como consecuencia de sanción disciplinaria pola comisión dunha infracción cualificada de moi grave, a teor do artigo 40 destes estatutos.

Artigo 9. *Recuperación da condición de colexiado.*

Recupérase a condición de colexiado:

- a) Cando se solicite a reincorporación, se a baixa foi por petición propia.
- b) Cando se aboén as cotas pendentes, se a baixa foi por falta de pagamento.
- c) Cando se obteña a rehabilitación, sempre que se solicite a admisión e sexa aceptada pola Xunta de Goberno do Colexio.

Artigo 10. *Servizos.*

1. Visado.

a) O Colexio de Xeógrafos, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, visará os traballos profesionais no seu ámbito de competencia, de conformidade co Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

b) En ningún caso o Colexio de Xeógrafos, por si mesmo ou a través das súas previsións estatutarias, poderá impor a obrigaçión de visar os traballos profesionais.

c) O visado ten por obxecto:

1.º Acreditar a identidade do xeógrafo ou xeógrafos responsables e a súa habilitación actual para o traballo de que se trate.

2.º Comprobar a corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional de acordo coa normativa aplicable.

3.º Efectuar as demais constatacións que lle encomenden as leis e disposicións de carácter xeral.

d) Cando a resolución relativa ao visado sexa denegatoria, deberá ser motivada e notificada en debida forma.

e) O Colexio establecerá normas e requisitos para a presentación formal dos traballos para o seu visado, que poderán incluír o visado por medios telemáticos. De conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, o visado non comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación queda ao libre acordo das partes. Cando o visado colexial sexa preceptivo, o seu custo será razoable, non abusivo nin discriminatorio.

f) A posible responsabilidade subsidiaria do Colexio entenderase nos termos establecidos no artigo 13.3 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

2. Servizo de atención a colexiados e a usuarios.

a) O Colexio creará un servizo de atención a colexiados e a usuarios que tramitará e resolverá cantas queixas referidas á actividade colexial ou dos colexiados presente calquera usuario ou profesional colexiado, así como organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa de intereses colectivos.

b) O Colexio, a través deste servizo, resolverá sobre a solicitude iniciando a vía da arbitraje de consumo, abrindo un procedemento sancionador, arquivando ou adoptando calquera outra decisión que, de ser o caso, corresponda.

c) A regulación deste servizo deberá prever a presentación de queixas e reclamacións por vía telemática.

3. Portelo único.

a) O Colexio disporá dunha páxina web e colaborará coas administracións públicas no necesario para que a través do portelo único previsto na lexislación vixente sobre o libre acceso das actividades de servizos e o seu exercicio, os profesionais poidan realizar todos os trámites necesarios para a colexiación e para darse de baixa no Colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia. A través deste portelo único os colexiados poderán:

1.º Obter toda a información e os formularios necesarios para o acceso e exercicio da súa actividade profesional.

2.º Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias.

3.º Coñecer as resolucións e resto de comunicacións do Colexio en relación coas súas solicitudes.

4.º Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teña consideración de interesado e recibir a notificación dos actos de trámite preceptivos.

b) A través do referido portelo único, para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, o Colexio de Xeógrafos ofrecerá a seguinte información, que deberá ser clara, inequívoca e gratuíta:

1.º O acceso ao Rexistro de colexiados, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, ao menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais de que estean en posesión, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.

2.º As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpor en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o colexio profesional.

3.º Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios a que os destinatarios dos servizos profesionais se poden dirixir para obter asistencia.

4.º O contido dos códigos deontolóxicos.

c) O Colexio adoptará as medidas necesarias para o cumprimento do previsto neste artigo e incorporará para iso tecnoloxías compatibles que garantan o intercambio de datos con outras organizacións colexiais e coas administracións públicas.

4. Memoria anual.

a) O Colexio de Xeógrafos está suxeito ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso, deberá elaborar unha memoria anual que conteña, ao menos, a información seguinte:

1.º Informe anual de xestión económica, que inclúa os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

2.º Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

3.º Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, de ser o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

4.º Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou polas súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, de ser o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

5.º Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos, en caso de dispor deles.

6.º As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de goberno.

7.º Información estatística sobre a actividade de visado que se producise.

Cando proceda, os datos presentaranse desagregados territorialmente por corporacións.

b) A memoria anual deberase facer pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.

Artigo 11. Dereitos dos colexiados.

Recoñécenselles aos colexiados os seguintes dereitos:

a) Actuar profesionalmente en todo o ámbito estatal, xa sexa de modo particular ou ao servizo de calquera empresa ou Administración.

b) O uso e disfrute dos bens do Colexio e dos servizos que este teña establecidos.

c) Tomar parte nas deliberacións e votacións que nestes estatutos e no Regulamento xeral de réxime interior se prevexan.

d) Levar a cabo os anteprojectos, proxectos, ditames, peritacións, valoracións e outros traballos que sexan solicitados ao Colexio por organismos oficiais, entidades ou particulares e que lles correspondan por quenda previamente establecida, segundo se estipule no Regulamento de réxime interior.

e) Requirir da Xunta de Goberno a defensa necesaria cando se consideren lesionados ou menoscabados os seus dereitos e intereses como profesional colexiado.

f) A asistencia aos actos corporativos, sempre que sexa compatible coas súas actividades e en igualdade de condicións de todos os colexiados.

Artigo 12. Obrigações dos colexiados.

Son obrigacións dos colexiados as que a continuación se especifican:

a) Acatar e cumprir estritamente cantas prescricións conteñen estes estatutos, o Regulamento de réxime interior que os desenvolve, así como as demais disposicións normativas que o Colexio aprobe.

- b) Pagar as cotas e dereitos que fosen aprobados para o sostemento do Colexio e para fins de previsión.
- c) Someter ao visado do Colexio a documentación correspondente a todos os traballos de carácter profesional realizados no exercicio da profesión, nos termos establecidos no artigo 13 da Lei de colexios profesionais.
- d) Cumprir respecto dos órganos directivos do Colexio e dos membros colexiados os deberes de disciplina e harmonía profesional.
- e) Pór en coñecemento da Xunta de Goberno todos os feitos que poidan afectar a profesión, particular ou colectivamente, e que poidan determinar a súa intervención.
- f) Comunicar ao Colexio todos os casos que se coñezan de intrusismo profesional ou de quen, sendo colexiado, falte ás obrigacións que como tal contrae.

CAPÍTULO III

Organización territorial do Colexio de Xeógrafos

Artigo 13. Organización territorial do Colexio.

1. O Colexio organízase xeograficamente en delegacións territoriais, sen prexuízo do disposto no artigo 47 destes estatutos. O ámbito xeográfico das delegacións será, como mínimo, o dunha comunidade autónoma ou unha cidade autónoma.
2. A xunta directiva das ditas delegacións ten unhas competencias propias e outras delegadas dos órganos xerais, en forma coordinada, de acordo cos presentes estatutos e cos correspondentes regulamentos.
3. No marco dos estatutos e do Regulamento de réxime interior, as delegacións territoriais terán o seu regulamento particular de funcionamento.
4. Os colexiados quedan adscritos a unha delegación territorial por razón da súa residencia habitual ou por ser o lugar onde desenvolven a súa actividade profesional. No caso de non estar constituída a delegación territorial correspondente, relacionaranse co Colexio directamente a través dos seus órganos xerais.
5. Os colexiados residentes no estranxeiro estarán adscritos á delegación territorial que eles indiquen.
6. As delegacións territoriais terán a consideración de órganos de representación, en nome do Colexio, ante a Administración autonómica e local correspondente.
7. Naquelas comunidades onde non se constituísen delegacións territoriais, a Xunta de Goberno poderá nomear un delegado, con funcións de representación ante a Administración autonómica.

Artigo 14. Regulación das delegacións territoriais.

1. Para crear unha delegación territorial será necesario que se cumpran os requisitos e procedemento establecidos polo Regulamento de réxime interior. O acordo adoptado sobre creación da delegación comunicarallo a Xunta de Goberno á Asemblea Xeral para a súa aprobación, con efectos a partir do exercicio seguinte.
2. Cando nunha delegación territorial constituída non se dean os requisitos regulados nestes estatutos ou no Regulamento de réxime interior para a súa existencia, a Xunta de Goberno, logo de informe da Xunta de Delegacións, poderá someter á aprobación da Asemblea Xeral a disolución daquela.
3. O Regulamento de réxime interior establecerá as medidas necesarias para que unha xunta territorial cumpra coas súas obrigacións.

Artigo 15. Segregación de colexios territoriais.

1. Poderán constituírse, por segregación do Colexio de Xeógrafos existente, colexios territoriais de ámbito igual ou inferior ao dunha comunidade autónoma, de conformidade co previsto na lexislación autonómica correspondente. O proceso de segregación iníciase por instancia dos colexiados da comunidade autónoma en cuestión, cando así o decida a

maioría simple dos censados reunidos en asemblea extraordinaria convocada para tal fin. O acordo de segregación só se entenderá validamente adoptado se a maioría absoluta dos colexiados censados reunidos en asemblea vota en sentido favorable á segregación.

2. A segregación de delegacións territoriais para formar un colexio independente implicará a modificación do artigo 2.1 dos presentes estatutos no sentido de adaptar o seu ámbito territorial á nova realidade colexial, excluindo do seu ámbito territorial aquel que resulta da segregación. O Colexio estatal manterá a súa personalidade xurídica e continuará posuíndo a titularidade do seu patrimonio e os mesmos dereitos e obrigas para todos os efectos. Todo isto sen prexuízo de que a Xunta de Goberno do Colexio estatal acorde facilitar recursos económicos que permitan iniciar a andaina do novo colexio, incluíndo a adscrición de patrimonio ao novo colexio.

3. A creación dun colexio autonómico traerá consigo a necesidade de promover, ante as instancias competentes, a creación dun Consello Xeral de Colexios. O proceso iniciárase no prazo máximo de seis meses a partir da constitución do colexio autonómico. Mentres o Consello se crea e entra en funcionamento, o colexio estatal asumirá, de forma interina, as súas funcións.

CAPÍTULO IV

Órganos de goberno

Artigo 16. *Órganos reitores.*

1. Os órganos de representación, goberno e administración do Colexio de Xeógrafos son o presidente, a Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno, a Comisión Permanente e a Xunta de Delegacións.

2. Os órganos das delegacións territoriais serán o presidente territorial, a Asemblea Territorial, e a Xunta Territorial.

3. O réxime xurídico e funcionamento destes órganos axustarase ás normas contidas nestes estatutos, así como no Regulamento de réxime interior e noutras disposicións colexiais. A Xunta de Goberno poderá acordar a creación doutros órganos de carácter consultivo.

4. Con carácter supletorio seralles de aplicación o recollido para os órganos colexiados no capítulo segundo do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 17. *Asemblea Xeral.*

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo do Colexio, está constituída por todos os colexiados con igualdade de voto, e adoptará os seus acordos por maioría e en concordancia cos presentes estatutos e demais normativa colexial.

2. A participación na Asemblea será persoal.

3. Con independencia da xeral remisión do artigo anterior, o Regulamento de réxime interior regulará as convocatorias, o seu funcionamento e as maiorías necesarias para a toma de decisións segundo a materia. Observaranse, en todo caso, as seguintes prescricións:

a) As asembleas celebrarán sesión ordinaria ao menos unha vez ao ano e sesións extraordinarias cantas veces o acorde a Xunta de Goberno por propia iniciativa ou por solicitude do 15 % dos colexiados. Neste caso, a solicitude deberá conter a orde do día proposta.

b) Só se poderán tomar acordos sobre os asuntos que figuren na orde do día. No punto de rogos, preguntas e proposicións poderá acordarse, de ser o caso, a toma en consideración de asuntos para a súa incorporación á orde do día dunha futura asemblea.

c) As sesións estarán presididas polo presidente do Colexio, que ordenará e moderará os debates e votacións. Exercerá a secretaría da asemblea o secretario do

Colexio e da Xunta de Goberno, quen redactará acta da reunión, co visto e prace do presidente.

d) Os acordos tomaranse por maioría simple entre os votos emitidos. Porén, os acordos exixirán unha maioría de dous terzos dos votos emitidos cando se trate da aprobación de cambios nos actuais estatutos, cotas extraordinarias, moción de censura contra a Xunta de Goberno en pleno ou contra algún dos membros e disolución ou cambio de denominación do Colexio.

Artigo 18. *Funcións da Asemblea Xeral en sesión ordinaria.*

Corresponde á Asemblea Xeral en sesión ordinaria:

a) Aprobar a proposta de estatutos, así como as propostas das modificacións deles para a súa elevación ao Goberno, a través do ministerio competente.

b) Aprobar o Regulamento de réxime interior, así como as súas modificacións, e as restantes disposicións normativas colexiais.

c) A creación de institucións promovidas polo Colexio de Xeógrafos, así como as súas bases e proxectos de estatutos.

d) Aprobar os orzamentos anuais de ingresos e gastos para cada exercicio, así como a liquidación das contas do exercicio anterior.

e) Decidir sobre as propostas de investimento de bens colexiais.

f) Aprobar a acta da Asemblea Xeral anterior.

g) Aprobar a memoria de xestión anual, que incluírá a xestión económica e a actuación disciplinaria en defensa dos intereses dos consumidores.

h) Coñecer, discutir e, de ser o caso, aprobar cantas propostas lle sexan sometidas por iniciativa da Xunta de Goberno ou dun 5 % dos colexiados. Neste último caso, as propostas deberán ser presentadas coa suficiente antelación para ser incluídas na orde do día, como puntos específicos dela. Cando estas propostas sexan presentadas ao menos polo 5% dos colexiados, será obrigada a súa inclusión na orde do día.

i) Aprobar, por proposta da Xunta de Goberno, a renovación dos cargos vacantes da Xunta de Goberno, ou das vacantes de presidente ou vicepresidente.

Artigo 19. *Funcións da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria.*

Corresponde á Asemblea Xeral en sesión extraordinaria:

a) Promover a disolución do Colexio, ou o cambio da súa denominación, de acordo co preceptuado no artigo 50 destes estatutos e no Regulamento de réxime interior.

b) Resolver todas aquelas cuestións que, por petición dun 15 % dos colexiados e colexiadas, xustificaron a convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria do Colexio.

Artigo 20. *A Xunta de Goberno.*

1. A Xunta de Goberno é o órgano executivo e representativo do Colexio que exerce as competencias non reservadas á Asemblea Xeral nin asignadas especificamente a outros órganos colexiais, así como as que se lle atribúen expresamente nestes estatutos xerais.

2. A Xunta de Goberno está constituída por:

a) Un presidente, un vicepresidente, un secretario e un tesoureiro, que son os do Colexio.

b) As vogalías que se determinen no Regulamento de réxime interior, que non serán menos de sete.

3. Os cargos de presidente, vicepresidente, secretario e tesoureiro serán incompatibles co de presidente de delegación territorial.

4. Na composición da Xunta procurarase unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

Artigo 21. *Competencias da Xunta de Goberno.*

Son competencias da Xunta de Goberno:

- a) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- b) Cumprir e facer cumprir os estatutos e regulamentos do Colexio, así como os seus propios acordos.
- c) Dirixir a xestión e administración do Colexio para o cumprimento dos seus fins.
- d) Manifestar, en forma oficial e pública, a opinión do Colexio nos asuntos de interese profesional.
- e) Representar os intereses profesionais ante os poderes públicos, así como velar polo prestixio da profesión e a defensa dos seus dereitos.
- f) Presentar estudos, informes e ditames cando lle sexan requiridos, asesorando desta forma os órganos do Estado e calquera entidade pública ou privada. Para estes efectos, a Xunta de Goberno poderá designar comisións de traballo ou designar os Colexiados que coide oportunos para preparar tales estudos ou informes.
- g) Designar, cando proceda legal ou regulamentariamente, os representantes do Colexio nos órganos consultivos das distintas administracións públicas.
- h) Facilitar aos tribunais de xustiza a relación de Colexiados que poidan ser requiridos como peritos nos asuntos xudiciais ou sinalalos por si mesma, segundo proceda.
- i) Acordar o exercicio de accións e a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais.
- j) Someter calquera asunto de interese xeral para o Colexio á deliberación e acordo da Asemblea Xeral.
- k) Exercer as facultades disciplinarias que lle correspondan á Xunta de Goberno, aténdose ao establecido nestes estatutos.
- l) Organizar actividades e servizos de carácter cultural, profesional, asistencial e de previsión en beneficio dos Colexiados.
- m) Crear comisións abertas, por iniciativa propia ou dos Colexiados, de acordo co establecido nestes estatutos.
- n) Recadar as cotas e contribucións establecidas, elaborar o orzamento anual, o balance anual, executar o orzamento e organizar e dirixir o funcionamento dos servizos xerais do Colexio.
- o) Elaborar e propor á Asemblea Xeral a reforma do Regulamento de réxime interior.
- p) Informar os Colexiados das actividades e acordos do Colexio e preparar a memoria anual da súa xestión.
- q) Contratar e destituír o persoal administrativo e de servizos do Colexio.
- r) Resolver, cando así proceda, os recursos extraordinarios de revisión contra actos ou acordos da Xunta de Goberno do Colexio.
- s) Acordar a convocatoria de sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral, de acordo co establecido nestes estatutos.
- t) Convocar a elección de cargos para a Xunta de Goberno cando así proceda, segundo o que se establece no capítulo quinto destes estatutos.
- u) Adquirir ou allear calquera clase de ben do Colexio, segundo o orzamento vixente e aprobado pola Asemblea Xeral.
- v) Calquera outra función que non estea expresamente asignada á Asemblea Xeral ordinaria ou extraordinaria, nin especificamente asignada a outros órganos Colexiais.

Artigo 22. *Sesións.*

1. A Xunta de Goberno reunirse cantas veces sexa convocada polo seu presidente, por iniciativa propia ou por petición dun terzo, ao menos, dos seus compoñentes. En todo caso, reunirse, como mínimo, dúas veces ao ano.

2. Con independencia da xeral remisión do artigo 16 dos presentes estatutos, o Regulamento de réxime interior regulará o seu réxime de convocatoria e o seu funcionamento. Observaranse, en todo caso, as seguintes prescricións:

a) As convocatorias incluirán a orde do día e non se poderán tomar acordos sobre materias non incluídas nesta, salvo que estean presentes todos os membros da Xunta e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

b) Para que a Xunta de Goberno quede validamente constituída deberán asistir, ao menos, o presidente e o secretario ou quen os substitúa.

c) O secretario deberá redactar acta das sesións, as cales deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno.

d) Os acordos tomaranse por maioría simple. En caso de empate, o voto do presidente será de calidade. Potestativamente, a Xunta de Goberno poderá invitar ás súas sesións, en calidade de asesores sen voto, as persoas cuxa asistencia se considere conveniente.

3. Os asuntos que se sometan a aprobación da Asemblea Xeral trataranse nunha sesión da Xunta de Goberno ampliada cos presidentes das delegacións territoriais.

Artigo 23. *Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente é o máximo órgano colexiado responsable da xestión dos asuntos ordinarios do Colexio entre sesións da Xunta de Goberno, así como do seguimento da execución dos acordos desta.

2. A Comisión Permanente está composta polo presidente, o vicepresidente, o secretario e o tesoureiro, e ao menos un vogal elixido de entre os vogais da Xunta de Goberno. Os vogais serán designados e relevados do seu cargo pola Xunta de Goberno. Na composición da Comisión Permanente procurarase unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

3. A Xunta de Goberno poderá delegar temporalmente na Comisión Permanente aquelas competencias e funcións que considere oportunas para a mellor xestión dos asuntos do Colexio e a execución dos seus acordos entre as súas sesións. En ningún caso poderán delegarse as competencias establecidas nas alíneas g), i), j), k), n), o), p), q), r), s), t) e u) do artigo 21 dos presentes estatutos.

4. A Comisión Permanente poderá adoptar as resolucións necesarias que por razóns de urxencia xustificadas non se poidan demorar até a seguinte sesión da Xunta de Goberno. Neste suposto, a Comisión Permanente deberá dar conta á Xunta de Goberno na primeira sesión que realice para a súa ratificación, modificación ou revogación.

5. No Regulamento de réxime interior regularase o seu funcionamento, así como as convocatorias. A Comisión Permanente reunirse cantas veces sexa necesario para o adecuado cumprimento das súas funcións e será convocada polo presidente, por iniciativa propia ou por petición da metade dos seus membros. Poderá invitar ás súas sesións outros membros da Xunta de Goberno cando así o considere conveniente de acordo cos temas que se vaian tratar.

6. A Comisión Permanente informará da súa actividade nas sesións da Xunta de Goberno.

Artigo 24. *Da execución dos acordos e libros de actas.*

No Colexio levaranse obrigatoriamente dous libros de actas, onde se transcribirán separadamente as correspondentes á Asemblea Xeral e á Xunta de Goberno. Estas actas deberán ser asinadas polo presidente ou por quen, nas súas funcións, presidise a Xunta ou a Asemblea, e polo secretario ou quen desempeñase funcións como tal nela. Os membros da Xunta de Goberno serán responsables dos acordos adoptados aínda que non estean presentes na reunión en que se adopten, excepto cando quede constancia expresa do seu voto en contra.

Artigo 25. *Atribucións do presidente da Xunta.*

Corresponden ao presidente as atribucións seguintes:

a) Convocar, abrir e levantar as sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno, así como presidilas e dirixir as deliberacións que nelas se presenten.

- b) Convocar e presidir as eleccións de membros da Xunta de Goberno.
- c) Decidir, co seu voto de calidade, os empates nas votacións.
- d) Adoptar, en caso de extrema urxencia, as resolucións necesarias, dando conta inmediata ao órgano correspondente para o seu acordo, modificación ou revogación na primeira sesión que se celebre.
- e) Desempeñar a representación do Colexio e da Xunta de Goberno.
- f) Coordinar as actuacións dos membros da Xunta de Goberno, sen prexuízo da competencia e responsabilidade directa destes na súa xestión.
- g) Asinar as certificacións que expida o secretario.
- h) Lexitimar coa súa sinatura os libros de contabilidade e calquera outro de natureza oficial, sen prexuízo das legalizacións establecidas pola lei.
- i) Visar os informes e as comunicacións que oficialmente dirixa o Colexio ás autoridades e entidades públicas ou privadas.
- j) Autorizar o ingreso ou retirada de fondos das contas correntes ou de aforro do Colexio, unindo a súa sinatura á do tesoreiro.
- k) Por acordo expreso da Xunta de Goberno, poderá outorgar poder a favor de procuradores nos tribunais e de letrados en nome do Colexio en defensa tanto do Colexio como da profesión.

Artigo 26. *Atribucións do vicepresidente.*

O vicepresidente substituirá o presidente nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno ou delegue nel o presidente.

Artigo 27. *Atribucións do secretario.*

1. Corresponden ao secretario as atribucións seguintes:
 - a) Redactar e dar fe das actas das sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno.
 - b) Custodiar a documentación do Colexio e os expedientes dos colexiados.
 - c) Expedir certificacións, co visto e praxe do presidente.
 - d) Expedir e tramitar comunicacións e documentos, dando conta deles á Xunta de Goberno ou ao órgano competente.
 - e) Exercer a xefatura do persoal administrativo e de servizos do colexio.
 - f) Levar o libro de rexistro de visados.
 - g) Redactar a memoria de xestión anual para a Asemblea Xeral.
2. Un membro da Xunta de Goberno elixido por ela poderá substituír o secretario nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñar todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno.

Artigo 28. *Atribucións do tesoreiro.*

1. Corresponden ao tesoreiro as atribucións seguintes:
 - a) Recadar e custodiar os fondos do Colexio.
 - b) Cobrar, asinar recibos e realizar pagamentos relacionados coa xestión do Colexio.
 - c) Redactar o anteproxecto de orzamento do Colexio que a Xunta de Goberno debe presentar á Asemblea Xeral.
 - d) Facer o balance do orzamento do exercicio anterior que a Xunta de Goberno debe presentar para a súa aprobación na Asemblea Xeral.
 - e) Propor á Xunta de Goberno os proxectos de habilitación de créditos e suplementos, incrementos ou reducións de ingresos, cando sexa necesario.
 - f) Levar os libros de contabilidade correspondentes.

g) Por expreso acordo da Xunta de Goberno, abrir contas correntes de aforro, conxuntamente co presidente e outro membro da Xunta de Goberno, designado para o efecto, a nome do Colexio, e retirar fondos delas mediante a sinatura de dúas das tres persoas autorizadas.

h) Levar o inventario dos bens do Colexio, dos cales será o seu administrador.

2. De estar vacante o posto de tesoureiro, exercerá as funcións deste o membro da Xunta de Goberno elixido para o efecto, até a súa substitución de acordo cos presentes estatutos.

Artigo 29. *Atribucións dos vogais.*

Corresponden aos vogais as atribucións seguintes:

a) Desempeñar cantas funcións lles sexan confiadas pola Asemblea Xeral, pola Xunta de Goberno ou polo Presidente, logo de coñecemento da Xunta de Goberno, así como desenvolver e presidir as comisións creadas coa autorización da Xunta de Goberno do Colexio, e de acordo co establecido no artigo 22 dos presentes estatutos.

b) Colaborar cos titulares dos restantes cargos da Xunta de Goberno e substituílos nas súas ausencias, vacantes ou enfermidade.

Artigo 30. *Vacantes na Xunta de Goberno do Colexio.*

1. As vacantes que se produzan na Xunta de Goberno en período interelectoral serán cubertas entre aquelas persoas que por proposta dos membros da Xunta de Goberno obteñan maior número de votos no seo da mencionada Xunta.

2. Poderase substituír por este procedemento como máximo un terzo dos compoñentes da Xunta de Goberno.

3. As vacantes cubertas por este procedemento deberán ser referendadas na seguinte Asemblea Xeral que se convoque, sexa ordinaria ou extraordinaria.

4. Convocaranse eleccións extraordinarias á Xunta de Goberno do Colexio se as vacantes xeradas superan o terzo dos membros inicialmente elixidos ou se se producen as vacantes simultáneas dos cargos de presidente e vicepresidente.

Artigo 31. *A Xunta de Delegacións.*

1. A Xunta de Delegacións é o órgano consultivo, moderador, de asesoramento, coordinación e equilibrio territorial do Colexio e integra no seu seo as opinións dos cargos electos nas delegacións territoriais. Estará integrado polos seguintes membros:

a) Os presidentes das delegacións territoriais.

b) O presidente, o secretario e o tesoureiro do Colexio.

2. Exercerán as funcións de presidente e de secretario as mesmas persoas que as exercen na Xunta de Goberno do Colexio.

3. A Xunta de Delegacións celebrará ao menos unha sesión anual. Tamén celebrará sesións extraordinarias por iniciativa do presidente do Colexio ou dunha cuarta parte dos seus membros ou da Xunta de Goberno. Para que estea validamente constituída é necesaria a asistencia de ao menos a metade dos seus membros. Terán dereito ao voto na Xunta de Delegacións os presidentes das delegacións e o presidente do Colexio. Os acordos adoptaranse por maioría.

Artigo 32. *Competencias da Xunta de Delegacións.*

Atribúenselle á Xunta de Delegacións as seguintes competencias:

a) Mediará, procurando a busca de solucións, nos conflitos que poidan xurdir entre as delegacións.

b) Emitirá informe, con carácter previo e preceptivamente, respecto dos acordos da Xunta de Goberno sobre as seguintes materias:

- 1.º Reforma dos estatutos do Colexio.
- 2.º Elaboración e reforma do Regulamento de réxime interior.
- 3.º Creación ou disolución de delegacións territoriais, nos termos establecidos nos presentes estatutos.
- 4.º Os recursos contra os acordos das xuntas territoriais e os conflitos entre elas.
- 5.º Sobre as medidas necesarias para que unha xunta territorial cumpra coas súas obrigacións, na forma que se determine no Regulamento de réxime interior.
- 6.º Calquera outro asunto de transcendencia profesional no ámbito nacional.
- 7.º Normas deontolóxicas profesionais, con posterior acordo en asemblea xeral, e por proposta da Xunta de Goberno.
- 8.º Bases de creación e proxectos de estatutos das institucións promovidas polo Colexio.

c) Propor á Xunta de Goberno a concesión do título de colexiado de honra e calquera outra distinción.

d) Presentar á Xunta de Goberno propostas e recomendacións por iniciativa propia.

e) Crear comisións por campos de actividade ou asuntos específicos, para elaborar propostas á Xunta de Goberno ou á propia Xunta de Delegacións.

f) Realizar actuacións de mediación e arbitraje por petición dos órganos colexiais.

g) E, finalmente, realizar cantas funcións e prerrogativas, non enunciadas expresamente, sexan consecuencia das anteriores.

Artigo 33. *Duración do mandato dos membros e sesións da Xunta de Delegacións.*

O mandato dos membros da Xunta de Delegacións coincide co dos cargos que cada cal posúa na Xunta de Goberno (presidente, secretario e tesoureiro do Colexio) ou nas respectivas xuntas de goberno territoriais.

Artigo 34. *A Asemblea Xeral Territorial.*

1. A Asemblea Xeral Territorial, composta por todos os colexiados adscritos á delegación, é o órgano supremo da delegación.

2. A Asemblea Xeral Territorial deberá reunirse, ao menos, unha vez ao ano.

3. Son funcións da Asemblea Xeral Territorial as seguintes:

a) Aprobar e modificar o regulamento interno da delegación.

b) Elixir e separar os membros da Xunta de Goberno Territorial e controlar a súa actividade.

c) Aprobar o orzamento e a liquidación de contas anuais da delegación.

d) Aprobar a memoria de xestión anual da delegación.

e) Velar polo cumprimento dos fins do Colexio de Xeógrafos no ámbito territorial da delegación.

f) Resolver sobre calquera outra cuestión que dentro das súas competencias lle sexa proposta pola Xunta de Goberno Territorial.

Artigo 35. *Xuntas de goberno territoriais.*

1. As xuntas de goberno territoriais xestionan e representan os intereses do Colexio no ámbito territorial da delegación correspondente, de acordo co principio de subsidiariedade e coas disposicións e directrices das asembleas xerais territoriais, e esténdense a todos os actos competencia da delegación. O regulamento interno de cada delegación determinará as accións para as cales sexa necesaria a autorización expresa da asemblea correspondente.

2. Os Colexiados de cada delegación territorial, reunidos en asemblea, elixirán entre os seus membros unha xunta de goberno territorial por un período non inferior aos dous anos nin superior aos catro anos, de acordo co establecido no Regulamento de réxime interior de cada delegación. En tal regulamento regularase tamén o procedemento para o exercicio do voto por correo.

3. As xuntas de goberno territoriais estarán constituídas por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro, e un mínimo de tres vogais, de acordo co que establece o regulamento de cada delegación.

4. Corresponde ás xuntas de goberno territoriais:

- a) A xestión dos recursos económicos da delegación territorial correspondente.
- b) Organizar actividades e servizos formativos, culturais, asistenciais e, en xeral, cantos poidan interesar aos Colexiados.
- c) Colaborar con outras entidades públicas e privadas que manteñan actividades ou servizos de interese para a actividade profesional do Xeógrafo.
- d) Coidar, no seu ámbito territorial, das condicións do exercicio profesional e da proxección pública da profesión.
- e) Presentar informes e ditames ante autoridades e organismos do seu ámbito territorial.
- f) Acordar a presentación de alegacións e reclamacións administrativas e propor á Xunta de Goberno a interposición de recursos administrativos e xurisdiccionais.
- g) As que a Xunta de Goberno lles delegue de entre as previstas nos artigos 13, 21 e 23 destes estatutos, de acordo co Regulamento de réxime interior.
- h) Informar e dar conta á Xunta de Goberno da súa xestión.

5. As funcións dos membros das xuntas de goberno territoriais enténdese que son as mesmas, no seu ámbito de competencia, que as sinaladas con carácter xeral para os membros da Xunta de Goberno do Colexio nos artigos 25 ao 29 dos presentes estatutos.

6. O presidente da delegación desempeña a representación do Colexio no ámbito da delegación.

CAPÍTULO V

Réxime electoral

Artigo 36. *Eleccións a Xunta de Goberno.*

1. O Colexio de Xeógrafos celebrará eleccións ordinarias para cubrir os cargos da Xunta de Goberno cada catro anos.

2. Os membros da Xunta de Goberno serán elixidos por todos os Colexiados a través de sufraxio universal libre, directo e secreto. Serán electores e elixibles todos os Colexiados que non estean sancionados con suspensión dos seus dereitos Colexiais e que se encontren ao día no pagamento das súas cotas.

3. As listas dos Colexiados con dereito a voto serán expostas nas sedes do Colexio e na web do Colexio, durante dez días e cunha anticipación non inferior a vinte días, respecto á data da celebración das eleccións.

4. Dentro dos tres días seguintes á exhibición, poderanse formular as reclamacións que procedan, que serán resoltas pola Xunta de Goberno correspondente no prazo doutros tres días.

5. Cando non resulte proclamada máis que unha soa candidatura, a proclamación equivale á elección dos seus integrantes para os cargos polos cales foron propostos.

6. O Regulamento de réxime interior establecerá o réxime electoral e, especialmente, a formación do comité electoral, o voto por correo e os prazos de impugnación de resultados.

CAPÍTULO VI

Réxime económico e administrativo*Artigo 37. Capacidade xurídica no ámbito económico e patrimonial.*

O Colexio de Xeógrafos ten plena capacidade xurídica no ámbito económico e patrimonial. O Colexio de Xeógrafos deberá contar cos recursos necesarios para atender debidamente os fins e funcións encomendados, e os colexiados quedan obrigados a contribuír ao sostemento dos gastos correspondentes na forma que se determine no seu Regulamento de réxime interior. O patrimonio do Colexio é único, aínda que o uso dos seus bens poida estar adscrito ás delegacións territoriais.

Artigo 38. Recursos económicos do Colexio.

1. O Colexio de Xeógrafos obterá os seus recursos económicos a través das contribucións obrigatorias dos colexiados consonte principios de xeneralidade e uso de servizos colexiais. Estas son:

- a) As cotas de inscrición, que non poderán superar en ningún caso os custos asociados á tramitación da inscrición.
- b) A cota anual ordinaria, cuxas contías serán fixadas para cada período pola Asemblea Xeral por proposta da súa Xunta de Goberno.
- c) As cotas extraordinarias, aprobadas pola Asemblea Xeral.
- d) As cotas de intervención ou prezo de visado.
- e) As recargas por mora no pagamento de calquera concepto de acordo co que estableza o Regulamento de réxime interior.

2. Outras fontes de ingreso son:

- a) As procedentes dos bens e dereitos do patrimonio colexial e das súas publicacións.
- b) As subvencións, doazóns e calquera concepto análogo, que concedan ao Colexio as administracións públicas, entidades públicas ou privadas, colexiados ou outras persoas xurídicas ou físicas.
- c) Os dereitos por estudos, informes e ditames que emita a Xunta de Goberno ou as comisións en que aquela delegase a súa realización.
- d) Os dereitos por utilización dos servizos que a Xunta de Goberno establece, incluídas as cotas dos precolexiados.

3. A recadación dos recursos económicos corresponde, con carácter xeral, á Xunta de Goberno e ás delegacións territoriais nos termos en que, de acordo cos regulamentos, lles sexa delegada.

Artigo 39. Cotas.

Todo cambio de cotas será reflectido claramente no orzamento do ano e requirirá a aprobación da Asemblea Xeral.

Artigo 40. Orzamento xeral.

1. O orzamento xeral do Colexio de Xeógrafos será elaborado pola Xunta de Goberno, consonte os principios de eficacia, equidade e economía, e incluírá a totalidade de ingresos e de gastos, coincidindo co ano natural, e será sometido á aprobación da Asemblea Xeral, de conformidade co artigo 19 dos presentes estatutos. Neles deberase incluír a dotación económica de cada delegación. Mentres non se aprobe o orzamento, quedará prorrogado o aprobado para o ano anterior, a razón de 1/12 por mes.

2. No orzamento xeral haberá asignacións diferenciadas para os órganos e servizos xerais, institucións e delegacións territoriais, tendo en conta o número de colexiados

adscritos, as recadacións delegadas, os gastos producidos e as diversas actividades promovidas, con relación ao ano anterior, introducindo factores de ponderación e un termo constante.

3. Co fin de corrixir desequilibrios e facer efectivo o principio de solidariedade entre as delegacións territoriais constituídas, haberá no orzamento xeral un fondo de compensación interterritorial administrado pola Xunta de Goberno que complementará, de ser o caso, e por circunstancias singulares, as asignacións previstas no número anterior. Para este efecto, destinarase como mínimo un dous con cinco (2,5) por cento e como máximo un cinco (5) por cento do dito orzamento anual.

4. O orzamento aprobado e a liquidación do orzamento anterior serán publicados nos medios de comunicación do Colexio.

CAPÍTULO VII

Réxime deontolóxico e disciplinario

Artigo 41. *Código deontolóxico.*

O código deontolóxico da profesión, que aprobará a Asemblea Xeral con suxeición ás leis, será de público coñecemento e accesible por vía electrónica a través da páxina web do Colexio.

Artigo 42. *Réxime disciplinario.*

1. O Colexio de Xeógrafos exerce as funcións disciplinarias para a corrección e prevención das infraccións dos deberes colexiais e da deontoloxía profesional que cometeren os colexiados.

2. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

3. Serán faltas leves:

a) A falta de veracidade nos datos persoais subministrados ao Colexio de Xeógrafos.
b) Non aceptar, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno do Colexio de Xeógrafos, o desempeño das funcións requiridas pola corporación.

c) As accións ou omisións enumeradas no número catro, cando non teñan a entidade suficiente para ser consideradas faltas graves, en función dos prexuízos causados, a intencionalidade ou a reincidencia.

4. Serán faltas graves:

a) O incumprimento da lexislación reguladora do exercicio profesional, dos presentes estatutos e dos regulamentos de réxime interior e dos acordos adoptados polos órganos reitores do Colexio de Xeógrafos.

b) O incumprimento dos deberes relativos ás relacións profesionais con terceiros.

c) Ocasionar danos que supoñan un prexuízo económico grave para o patrimonio do Colexio de Xeógrafos, dos seus órganos reitores ou dos colexiados, así como ocasionarlles danos que afecten gravemente a súa imaxe e bo nome.

d) A realización de traballos profesionais con omisión do visado colexial no suposto de que este sexa exixible de acordo co disposto nos artigos 5.q) e 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e o Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

e) Non manter en segredo as deliberacións e acordos por parte dos membros da Xunta de Goberno do Colexio de Xeógrafos e das comisións que se poidan formar no seu seo, cando se establecese o carácter reservado dentro da propia xunta ou comisión.

f) Agredir, insultar ou vexar os compañeiros con ocasión do exercicio da súa actividade profesional.

g) O incumprimento da obriga de posta á disposición dos destinatarios do servizo profesional da información exixida no artigo 12 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais.

5. Serán faltas moi graves:

- a) A comisión de delito doloso, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio da profesión, declarada por sentenza firme.
- b) O encubrimento profesional cando fose declarado por sentenza firme.

Artigo 43. *Sancións.*

1. Cando as faltas sexan cometidas por un profesional individual, o Colexio de Xeógrafos poderalle impor as sancións seguintes:

- a) Pola comisión de faltas leves: as sancións de apercibimento verbal do presidente ou apercibimento por escrito da Xunta de Goberno.
- b) Pola comisión de faltas graves: a sanción de suspensión temporal da colexiación do inculpado por un prazo de até seis meses.
- c) Pola comisión de faltas moi graves: as sancións de suspensión temporal da colexiación do inculpado por un prazo superior a seis meses e inferior a tres anos, ou de expulsión do colexio.
- d) A sanción de suspensión da colexiación levará consigo, durante o tempo desta, a privación dos dereitos electorais colexiais e a prohibición de desempeñar cargos corporativos.

2. Na imposición de sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, e consideraranse especialmente a natureza dos prexuízos causados e a existencia de intencionalidade ou reincidencia.

3. A resolución que impoña unha sanción establecerá se esta se fai pública, unha vez que alcance firmeza, na zona restrinxida a colexiados da páxina web do Colexio de Xeógrafos, sen prexuízo do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 44. *A Comisión de Asuntos Deontolóxicos e Disciplinarios.*

1. A Comisión de Asuntos Deontolóxicos e Disciplinarios é o órgano colexial titular da potestade disciplinaria.

2. Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- a) O presidente do Colexio, que será o seu presidente.
- b) O vicepresidente, que será o seu vicepresidente.
- c) O secretario, que actuará como secretario.
- d) Un presidente territorial da zona ou zonas a que pertenza ou pertenzan os colexiados denunciados, que designará «ad hoc» a propia Comisión.
- e) Tres vogais de libre designación nomeados pola Xunta de Goberno de entre unha lista proposta pola Comisión. O mandato destes vogais será de catro anos.

Artigo 45. *Tramitación de expedientes.*

1. O procedemento disciplinario iniciarao de oficio a Comisión de Asuntos Deontolóxicos e Disciplinarios, por propia iniciativa, por petición razoada do decano ou da Xunta de Goberno, ou por denuncia asinada por un colexiado ou un terceiro con interese lexítimo, na cal se deberán indicar as infraccións cometidas.

2. Cando medie denuncia, a Comisión de Asuntos Deontolóxicos e Disciplinarios disporá a apertura dun trámite de información previa. Practicado este, ordenarase o arquivamento das actuacións ou a incoación dun expediente disciplinario.

3. O acordo de iniciación do expediente disciplinario deberá recoller a identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables, os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do expediente, a súa posible cualificación e as sancións que poidan corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución, así como a indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio. O acordo notificaráselles aos interesados.

4. A Comisión de Asuntos Deontolóxicos e Disciplinarios designará de entre os seus membros un instrutor que se encargará da instrución do expediente disciplinario.

5. Tras as oportunas dilixencias indagatorias, o instrutor propondrá o sobreesamento do expediente se non encontra indicios de ilícito disciplinario ou formulará prego de cargos, en caso contrario. A resolución que declare o sobreesamento do expediente disciplinario será inmediatamente notificada aos interesados.

6. No prego de cargos indicaranse, con precisión, claridade e debidamente motivados, os actos profesionais ou colexiais que se presumen ilícitos, a cualificación do tipo de infracción en que incorre aquela conduta e a sanción de que, de ser o caso, poida ser acreedora. Concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que conteste por escrito e formule o oportuno prego de descargos, achegue documentos e informacións, propoña as probas que coide oportunas e concrete os medios que considere convenientes para a súa defensa. Poderanse utilizar todos os medios de proba admisibles en dereito. O instrutor practicará as que considere pertinentes entre as propostas ou as que el poida acordar. Das audiencias e probas practicadas deixarase constancia escrita no expediente.

7. O instrutor formulará unha proposta de resolución, que fixará con precisión os feitos imputados ao expedientado, indicará a infracción ou infraccións cometidas e as sancións que correspondan. Desta proposta darase traslado ao interesado, ao cal se lle concederá novo trámite de audiencia por prazo de quince días hábiles para que poida alegar canto considere oportuno ou conveniente ao seu dereito.

8. Concluída a instrución do expediente disciplinario, o instrutor dará conta da súa actuación e remitirá a proposta de resolución, xunto con todos os documentos, testemuños, actuacións, actos administrativos, notificacións e demais dilixencias que se realizasen no procedemento, á Comisión de Asuntos Deontolóxicos e Disciplinarios para que esta acorde a resolución que xulgue conveniente. Na adopción da correspondente resolución deberá absterse o membro que actuase como instrutor.

9. A resolución será motivada e decidirá todas as cuestións propostas. Non poderá versar sobre feitos distintos dos que serviron de base á proposta de resolución. Na notificación da resolución indicárase o recurso que proceda contra ela, o órgano competente para a súa resolución e o prazo para a súa interposición.

10. Contra a resolución que poña fin ao expediente disciplinario poderase recorrer ante a Xunta de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 48 destes estatutos.

11. O procedemento disciplinario poderá ser desenvolvido polo Regulamento de réxime interior do Colexio.

Artigo 46. *Recurso contra as resolucións da Comisión de Asuntos Deontolóxicos e Disciplinarios.*

1. Contra as resolucións da Comisión de Asuntos Deontolóxicos e Disciplinarios poderase interpor recurso de alzada ante a Xunta de Goberno, cuxa resolución pon fin á vía administrativa.

2. A interposición do recurso de alzada non suspenderá a execución da resolución impugnada, sen prexuízo do establecido na vixente Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 47. *Extinción da responsabilidade disciplinaria.*

1. As responsabilidades disciplinarias extinguiranse co cumprimento da sanción, co falecemento do infractor, coa prescrición da infracción ou coa prescrición da sanción.

2. En canto á prescrición das infraccións e das sancións:

- a) As faltas leves prescribirán aos seis meses.
- b) As faltas graves, aos dous anos.
- c) As faltas moi graves, aos tres anos.
- d) As sancións por faltas leves prescribirán aos seis meses.
- e) As sancións por falta graves, aos dous anos.
- f) As sancións por faltas moi graves, aos tres anos.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar a partir da data da comisión da falta e, en canto ás sancións, desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

4. Os prazos de prescrición interromperanse pola iniciación do procedemento sancionador ou de execución, respectivamente, con coñecemento do interesado. O prazo restablecerase se o procedemento está paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable ou infractor.

CAPÍTULO VIII

Réxime xurídico dos actos colexiais

Artigo 48. *Réxime xurídico dos actos colexiais.*

1. Os actos e as disposicións do Colexio suxeitos ao dereito administrativo serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, unha vez esgotados os recursos corporativos.

2. Os acordos e as resolucións da Xunta de Goberno esgotan a vía corporativa. Non obstante, poderán ser obxecto de recurso de reposición ante a mesma Xunta de Goberno no prazo dun mes, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os acordos e as resolucións dos demais órganos colexiais, excepto os da Asemblea Xeral, non poñen fin á vía corporativa e son impugnables enalzada ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Os acordos e as disposicións da Asemblea Xeral do colexio son impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Os actos dos órganos colexiais serán nulos de pleno dereito ou anulables conforme o establecido nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO IX

Modificación dos estatutos e disolución do Colexio

Artigo 49. *Modificación dos estatutos.*

A reforma dos estatutos só se poderá verificar por acordo da asemblea xeral extraordinaria, que deberá ser adoptado por maioría das dúas terceiras partes dos colexiados votantes, por proposta da Xunta de Goberno. Posteriormente, remitirase á Administración pública competente para a súa tramitación legal.

Artigo 50. *Disolución e cambio de denominación do Colexio.*

Para proceder á proposta de disolución ou de cambio de denominación do Colexio será preciso que o pida á Xunta de Goberno, por escrito razoado, o 50 por 100 dos colexiados individual ou colectivamente. Recibida esta petición, a Xunta de Goberno dará conta á Xunta de Delegacións e procederá á inmediata convocatoria de asemblea xeral extraordinaria, que se anunciará, cando menos, con trinta días de anticipación, sinalando o obxecto da convocatoria nun diario nacional e no *Boletín Oficial del Estado* e por medio de circulares a todos os colexiados. Para que o acordo de proposta de disolución ou de cambio de denominación sexa válido, será preciso que o sancione, polo menos, a maioría absoluta dos colexiados e dous terzos dos presentes ou representados na asemblea xeral extraordinaria. Proposta a disolución, a Xunta de Goberno someterá á Asemblea Xeral, con antelación á votación, o destino que se debe dar aos bens e fondos do Colexio. Acordada a disolución, a Xunta Xeral nomeará a comisión liquidadora correspondente.